

Adaptación: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**

Ilustracións: **HELLE THOMASSEN**

40 páxinas en color. 22x22 cm.

Encadernado en cartón

Dispoñible en:


-Galego: "Once damas atrevidas". ISBN 978-84-8464-085-1

-Castelán: "Once damas atrevidas". ISBN 978-84-8464-160-5

-Euskera: "Hamaika andere ausart". ISBN 978-84-8464-095-0

-Portugués: "Onze damas atrevidas". ISBN 978-972-8781-06-4

Prezo: 12 €



ONCE DAMAS ATREVIDAS

Once damas atrevidas camiñaron ata Fez.

Unha perdeuse nos contos, non quedaron máis que dez...

Dez damas atrevida, foron ao deserto en coche, unha meteuse nun bache.

Non quedaron máis que nove...

Estas damas atrevidas farán un percorrido por todo o mundo e, en cada aventura, desaparecerá unha... "Once damas atrevidas" aproveita a estrutura das rimas populares que se atopan en todas as tradicións para crear un conto que actualiza e aproxima os primeiros lectores a unha vella rima tradicional, mediante o recurso dunha viaxe imaxinaria a través de diferentes espazos xeográficos e realidades culturais.

Isto ofrécelles aos lectores a posibilidade de participar do conto grazas á repetición das estruturas e descubrir ao mesmo tempo certos fitos culturais, arquitectónicos ou paisaxísticos das terras polas que van realizando esa viaxe. Estamos ante unha actualización dos temas de sempre, realizada cun certo ton humorístico e desenfadado, tanto no que respecta ao texto como á ilustración.

Precisamente, a proposta estética invita a unha viaxe a través das cores e as atmosferas, que fan da súa observación un xogo que se satisfai cos continuos descubrimentos da riqueza de detalles que caracteriza o traballo da ilustradora danesa Helle Thomassen.

Este libro foi recomendado polo seminario de Librerías Especializadas en Literatura Infantil do Cegal.

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ (Cangas, 1960)

Profesor de Educación Infantil, escritor e especialista en literatura infantil. É coordinador editorial de FAKTORÍA K DE LIBROS e co-director da colección Seteleguas, de KALANDRAKA. Entre outros títulos, é autor das obras tituladas O pirata pata de lata e Un problema grande, publicadas por KALANDRAKA.

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

Tamén colaborou con outras editoriais como Xerais ou Ir Indo.

HELLE THOMASSEN (Dinamarca, 1963)

Estudou na Escola Superior de Arte para Teatro, Música e Pintura, de Holbaek Slot Ladegard (Dinamarca, 1984). Continuou a súa formación na School of Arts Craft and Design de Copenhague, onde se especializou en Deseño Gráfico. Dende 1990 traballou en estudos de animación da productora de cine AGF (Berlín, Alemaña), facendo animacións e storyboards. Exerce como debuxante e ilustradora dende hai 15 anos en teatros, para xornais, editoriais e series de debuxos animados. Máis recentemente tamén realizou exposicións en Barcelona, cidade onde reside. Os animais son elementos permanentes na súa obra, especialmente nos contos infantís. Un dos seus últimos traballos foi *As tres fillas*, publicado tamén por KALANDRAKA.

- **Temática:** conto tradicional adaptado, de estrutura rítmica, sobre viaxes
- **Idade recomendada:** Educación Infantil
- **Aspectos destacables:** rimas, repeticións, ilustracións cheas de colorido
- **Aplicacións:** coñecemento xeográfico e matemático (restas), descripción de lugares e situacións

